



**Lu
go**



**O Camiño Primitivo
ao seu paso polo
Concello de Lugo**



O Camiño Primitivo ao seu paso polo Concello de Lugo



O Camiño Primitivo é o máis antigo dos itinerarios xacobeos, de aí o seu actual nome. Enlaza Oviedo con Santiago de Compostela, e o seu trazado coincide, nalgúns zonas, con antigas calzadas romanas.

O primeiro peregrino foi o rei Alfonso II, o Casto, que percorreu os máis de 340 Km ata Santiago para confirmar que os restos que acababan de aparecer eran realmente do apóstolo. A súa devoción resultou crucial na organización do culto e a posterior peregrinaxe a Santiago de Compostela.

Dende o ano 2015, esta ruta Xacobeá é Patrimonio da Humanidade, recoñecemento que se estendeu tamén á catedral de Santa María de Lugo pola súa importancia e vinculación no Camiño a Santiago.

Os atractivos desta ruta nos máis de 30 Km que percorre polo concello de Lugo son incuestionables xa que permite a visita a múltiples restos arqueolóxicos de orixe romana e castrexa, a un rico patrimonio medieval, barroco e neoclásico, e atravesa a muralla romana do século III – IV d. C. no casco histórico da cidade, que é Patrimonio da Humanidade dende o ano 2000.

Pero, sen dúbida, o camiñante tamén valorará o encanto da paisaxe natural e rural que o rodea. As entrañables corredoiras que unen as aldeas e o silandeiro mosaico de bosques, pastos e cercados de pedra constitúen a esencia dun xeito de vida construído, como o propio Camiño, a base de esforzo e tempo.



Lu
go



Dende as proximidades de Soutomerille ata a cidade de Lugo

Soutomerille - Lugo

-  Horario > 3h 35 min.
-  Severidade do medio natural > 1
-  Desnivel de subida > 151 m.
-  Orientación no itinerario > 2
-  Desnivel de baixada > 82 m.
-  Dificultade no desprazamento > 2
-  Distancia horizontal > 13,4 km.
-  Cantidad de esforzo necesario > 3
-  Tipo de percorrido > Travesía

Condicións de todo o ano, tempos estimados según criterio MIDE, sen paradas.
Calculado sobre datos de 2016.



> Punto de partida

Límite administrativo do Concello de Lugo, entre Soutomerille (Castroverde) e Gondar

> Como chegar?

Estrada Castroverde - Lugo (LU-530) nas proximidades da canteira de Soutomerille onde poderemos deixar o coche

> Coordenadas

43° 1'7.17"N,
7°24'14.93"O

> Percorrido

Soutomerille, Gondar, Bascuas, Daquelcabo, Carballido, O Carqueixo e Lugo

> Punto de chegada

A Ponte da Chanca, nas aforas da cidade de Lugo

> Lonxitude

13,4 km

> Dificultade

Baixa

> Duración

3h e 35 min.

> Conexións

O Camiño Primitivo neste tramo pode ter unha variante que atravesa a vila de Romeán

> Servizos

En Gondar: máquinas expendedoras, área de descanso comida (mesas, microondas, forno, enchufe)

En Daquelcabo: selos para credencial, máquina expendedora, área para comer

Descrición do tramo



Comezando nas inmediacións da canteira de Soutomerille teremos 2 opcións:

Desviarnos da ruta durante aproximadamente 1 Km para ver o castiñeiro centenario de Soutomerille (350 anos) e a súa igrexa prerrománica.

Ou ben, tomar a estrada asfaltada dirección Gondar, na que o río Romeán marca o límite administrativo do concello de Lugo.

Na vila de Gondar poderemos visitar a igrexa de Santa María e a Fonte das Valiñas, coñecida pola xente do lugar polas súas augas namoradeiras.

Sen deixar a estrada de asfalto seguimos camiñando cara a Bascuas por un tramo sen apenas sombras ata chegar á chamada *Costa Francesa*, onde, en días de sol, o ascenso non se fai tan duro ao estar sombreada por piñeiros, carballos e castiñeiros.

Pouco despois deberemos abandonar a estrada para tomar un fermoso camiño de terra que nos levará ás pequenas aldeas de Bascuas e Daquelcabo.

Dende aquí teremos que continuar paralelos á estrada LU-530 ata pouco despois do indicador cara Carballido, onde teremos un respiro de asfalto e percorrерemos unha fermosa e sombreada corre道ira que nos levará ás Casas da Viña.

Atopámonos xa nas inmediacións de Lugo e o camiño debe salvar as vías de comunicación características do entorno das cidades. Así, tras pasar unha ponte sobre a A-6 e



Camiño de terra, cara Bascuas e Daquelcabo

outra sobre a LU- 021, entraremos no barrio de Castelo, pertencente xa ao núcleo urbano para descender ata a ponte da Chanca e o río do mesmo nome.

Recomendacións

Neste tramo, o Camiño Primitivo está perfectamente sinalizado, pódese facer duro se vai sol, xa que non hai moita sombra e o firme é de asfalto na súa maior parte. A pendente non é moi pronunciada, salvo na *Costa Francesa*. Recoméndase ir con calzado axeitado e coas provisións necesarias pola escaseza de locais hostaleiros.

Patrimonio monumental

Nas inmediacións da ruta sobresaen **Soutomerille** pola súa igrexa prerrománica e o castiñeiro da Corredoira.

A escasos quilómetros destaca a fermosa aldea de **Romeán**, coa Casa Grande dos Fole, que conserva o seu escudo na fachada principal.

Xa dende a **ponte da Chanca** podemos ver, a un lado, o viaduto do tren, unha espectacular obra da enxeñería ferroviaria do ano 1880, do outro lado, unha antiga fábrica de curtidos, na actualidade en estado ruinoso.



Viaducto da Chanca

Patrimonio Natural

Nos pequenos ríos e regatos poderemos atopar especies típicas do bosque de ribeira: ameneiros, bidueiros, salgueiros, freixos... alternando con pequenos soutos e algunhas fragas e zonas de repoboacións de piñeiros e eucaliptos.

■ Os **ameneiros** (*Alnus glutinosa*) son unha árbore típica da ribeira



Ameneiro

dos ríos e resultan de gran importancia no control das riadas.

Teñen usos medicinais e artesanais. Ao camiñante pódelle vir ben coñecer que as follas frescas son moi boas para o cansazo e dor dos pés.

■ Os **Salgueiros** (*Salix spp.*) tamén cumpren unha función de fixación do terreo durante as riadas.

A súa cortiza contén salicilina, coa que se fabrica a aspirina. É habitual que as varas para controlar o gando se fagan coas pólas desta árbore, pola súa resistencia e flexibilidade.

■ Os **bidueiros** (*Betula alba*), presentes na primeira liña dos ríos e regatos xunto coas 2 especies anteriores resulta inconfundible pola súa cortiza branca e polas súas



Salgueiro

pequenas follas romboides. Pola súa resistencia á auga, a súa madeira era moi apreciada para facer zocas.

■ **Sabugueiro** ou **bieiteiro** (*Sambucus nigra*): árbore moi apreciada polos nenos para elaborar distintos tipos de xoguete coma frautas, pistolas, tiratacos, cerbatanas, debido a que a súa madeira é oca. Ten tamén múltiples usos medicinais,



Bidueiro

as infusións das flores úsanse para todo: afeccións respiratorias, gripes, catarros, laxantes...

Ao longo de todo o camiño atoparemos plantas medicinais coma a herba de San Xoán ou a herba da rula.

■ **Herba de San Xoán** (*Hypericum perforatum*). Moi común nos bordos do camiño. Para algúns é unha



Sabugueiro ou bieiteiro

herba máxica que fai fuxir aos espíritos e aparicións.

O certo é que ten múltiples aplicacións medicinais. Por exemplo, a súa aplicación tópica é boa para acelerar a cicatrización das feridas.

■ **Herba da rula** (*Achillea millefolium*) é outra das plantas comúns con moitos usos medicinais: antiinflamatoria,



Herba de San Xoán

cicatrizante... De feito, crese que o seu nome vén da guerra de Troya, onde Aquiles curou a moitos dos seus soldados grazas ás propiedades antihemorráxicas desta especie.

Ao noso paso tamén poderemos observar as especies de fauna ligadas a zonas húmidas, e aquelas outras afeitas á presenza humana.




Herba da rula

■ **Ra vermella** (*Rana temporaria*), é unha especie robusta, de cores pardos, ligada ás proximidades dos cursos de auga pero que case sempre se atopa fóra dos mesmos, entre as follas do chan. A simple vista pode ser fácil confundila coa ra patilonga (*Rana iberica*).



Ra vermella



> Punto de partida

A Ponte da Chanca (Lugo)

> Como chegar?

O punto de inicio está nas aforas da cidade de Lugo, na ponte sobre o río da Chanca

> Coordenadas

43° 0'49.41"N,
7°32'45.85"O

> Percorrido

Lugo cidade

> Punto de chegada

A Ponte Vella
Romana (Lugo)

> Lonxitude

2,5 km

> Dificultade

Baixa

> Duración

40 min.

> Conexións

Para chegar á Ponte Vella dende o casco histórico podemos tomar pola Porta de Santiago e baixar pola Rúa Santiago ou ben saír por Porta Miñá e baixar pola Rúa do Carme

> Servizos

Todo tipo de servizos. Existen dous albergues de peregrinos un na Rúa Nova (público) e outro na Ponte Vella Romana (privado)

Descrición do tramo



1 Porta Toledana ou de San Pedro

Esta porta de orixe romana é a saída histórica cara á Meseta e foi e segue sendo a entrada á cidade para os miles de peregrinos que se desprazan cara a Compostela a través do Camiño Primitivo procedente de Oviedo.

No seu paramento exterior presenta, enriba do arco, un frontón triangular co escudo da cidade, rematado coa coroa real, flanqueado por dous leóns rampantes e apoiado sobre un querubín e unha placa oval con inscrición do ano de reconstrución da porta, 1781.

2 Casa consistorial

Considerada como unha das obras máis significativas do barroco civil galego. Foi proxectada polo arquitecto Lucas Ferro Caaveiro e construída en 1738 sobre o soar da antiga casa do concello renacentista.

Xa no Século XIX, engadiuse ao edificio a torre do reloxo que deseñou Nemesio Cobreros e que rompe a severa horizontalidade do edificio.



Porta Toledana ou de San Pedro



Casa Consistorial

3 Praza Maior

Centro da vida do Lugo actual, presidida pola fachada barroca do Concello. Esta praza serviu, dende época medieval, como lugar onde se celebraban feiras e mercados. Hoxe é un sitio de visita obrigada, rodeado de edificios emblemáticos que nos contan a historia da cidade.



Praza Maior

4 Piscina romana

Descuberta no ano 1960 durante as obras de pavimentación da devandita praza e posta en valor no 2011 a través dunha ventá arqueolóxica. Esta piscina caracterízase por estar revestida de mosaico, presentando un excelente estado de conservación.

Inicialmente interpretouse como un posible baptisterio ou piscina bautismal, pero parece máis probable que se trate dunha pequena piscina pertencente a unhas termas romanas, datada no século IV despois de Cristo.



Piscina romana

5 Catedral

A construción da Catedral, de planta de cruz latina, iniciouse no século XII mais ao longo da súa historia sufriu numerosas transformacións e engadidos, polo que na

actualidade presenta unha conxunción harmoniosa de diversos estilos arquitectónicos e artísticos que van dende o románico ao neoclasicismo.

Cómpre destacar a capela barroca da Virxe dos Ollos Grandes, dedicada á patroa da cidade, realizada no século XVIII polo arquitecto Fernando de Casas y Novoa.



Catedral

6 Porta de Santiago

É unha das portas da Muralla que teñen a súa orixe xa en época romana pero con numerosas alteracións ao longo da súa historia. Por esta porta accédese á fachada principal da Catedral e ademais é unha das saídas do Camiño Primitivo cara a Santiago de Compostela.

Na Idade Media foi de uso privado do Cabido para ter acceso ao inmediato "Regueiro dos Hortos", pero a súa configuración actual responde principalmente a unha modificación realizada en 1759 polo bispo Francisco Izquierdo e Távira, quen a ensanchou e a fixo de uso público, decorándoa por intra muros cunha gran fornela que contén a imaxe de Santiago "matamoros" que descansa sobre o escudo de armas do referido bispo.



Porta de Santiago

7 Porta Miñá ou do Carme

É a porta de orixe romana que mellor se conserva. Era a saída da vía romana que conducía ata Bracara Augusta e, dende época medieval, do Camiño Primitivo cara a Santiago de Compostela.

Coñecida popularmente como “Porta do Carme”, por estar situada en fronte á capela deste nome, aparece mencionada na documentación medieval tamén como *Minei* ou *Mineana*, por ser a saída natural cara ao río Miño.

Esta entrada aínda conserva nos seus paramentos laterais as acanaladuras da reixa levadiza de ferro e vestixios da porta de madeira de dobre folla que a defendían. Contaba tamén cun corpo de garda superior destinado nun principio a acoller a maquinaria para a reixa e que posteriormente e ata o Século XIX funcionou como capela dedicada a San Román.

8 Capela do Carme

Situada extras muros, próxima á Porta Miñá e á beira do Camiño Primitivo que vai cara a Compostela. Foi construída a finais



Porta Miñá ou do Carme



Capela do Carme

do Século XVIII en estilo neoclásico pola confraría da Virxe do Carme, sobre os restos dunha capela anterior dedicada á Virxe do Camiño.

No interior do templo consérvase unha talla do Século XVI da Virxe do Camiño, un retablo barroco no que se venera a imaxe de San Ramón, procedente da capela que este santo tiña na Porta Miñá e unha imaxe da Virxe do Carme.

i

MÁIS INFORMACIÓN:

**Oficina Turismo do Concello de Lugo /
Centro de Interpretación da Muralla**

Praza do Campo, 11 27001 Lugo

Teléfono 982 251 658

Email lugoturismo@concellodelugo.org

Web www.lugo.gal

Facebook [fb.com/LugoTurismo](https://www.facebook.com/LugoTurismo)

Twitter [@lugoturismo](https://twitter.com/lugoturismo)




Dende a Ponte Vella a Crecente

Ponte Vella - Crecente

- | | |
|---|---|
|  Horario > 4h 10 min. |  Severidade do medio natural > 1 |
|  Desnivel de subida > 165 m. |  Orientación no itinerario > 2 |
|  Desnivel de baixada > 0 m. |  Dificultade no desprazamento > 2 |
|  Distancia horizontal > 15,7 km. |  Cantidad de esforzo necesario > 3 |
|  Tipo de percorrido > Travesía | |

Condições de todo o ano, tempos estimados según criterio MIDE, sen paradas.
Calculado sobre datos de 2016.



Distancia: 15,7 km

> Punto de partida

Ponte Vella Romana (Lugo)

> Como chegar?

A Ponte Vella é peonil e está situada na estrada vella de Santiago a Lugo (LU-232). Existen aparcamentos nas súas inmediacións.

> Coordenadas

43° 0'9.45"N, 7°33'48.79"O

> Percorrido

Lugo, San Xoán do Alto, Seoane, San Vicente do Burgo, A Uceira, Bacurín e Crecente

> Punto de chegada

LU-P-2901, nas proximidades da vila de Crecente

> Lonxitude

15,7 km

> Dificultade

Baixa

> Duración

4h e 10 min.

> Conexións

A 2,5 Km do trazado do Camiño Primitivo atópase Santa Eulalia de Bóveda.

Por Bacurín e Santa Eulalia pasa tamén a

ruta de sendeirismo
O Vello Lugo Agrario.

O trazado do Camiño primitivo coincide entre as localidades de O Burgo e Seoane coa Vía Romana XIX que comunicaba Braga con Astorga (ruta sen sinalizar).

> Servizos

Dende a ponte Vella non hai ningún local de hostalaría ou outros servizos ao camiñante ata chegar a Crecente. Hai unha pequena área de descanso na fonte de Rubicás, en O Burgo.

Descrición do tramo



Atravesamos a Ponte vella e tomamos a estrada da dereita, seguindo o río Miño ata o barrio de San Lázaro que recibe o seu nome por ter un Lazareto ou hospital de leprosos. Hoxe en día o edificio é unha vivenda privada.

Tamén poderemos chegar ao barrio de San Lázaro sen atravesar a Ponte Vella, seguindo o Paseo do Miño ata a pasarela peonil, dende onde teremos unhas fermosas vistas da cidade e da Ponte Romana.

Á beira do río hai unha sombreada área recreativa para pasear ou descansar. Se observamos o cauce, de seguro podere-



Igrexa do barrio de San Lázaro



Ponte Vella sobre o río Miño

mos ver algún parrulo ou algunha garza asexando ás troitas.

Comezamos o ascenso por zonas residenciais. Neste tramo atópase o fito que marca 100,262 quilómetros para chegar a Santiago. 100 son os quilómetros mínimos a percorrer para conseguir a *Compostelana*, o documento que acredita ter realizado o Camiño.

Cruzamos a estrada N-540 por debaixo grazas a unha pequena ponte, e seguimos avanzando por outra zona residencial ata a estrada LU-232. Cruzámola para chegar á LU-P-2901, estrada que teremos que seguir durante practicamente todo o camiño



Camiño paralelo á estrada LU-P-2901

ata os límites do Concello de Lugo no lugar de Crecente.

Chegamos ao lugar Santo Matías, onde nos podemos desviar para ver a súa igrexa.

Seguimos o ascenso, continuo, pero non moi acentuado para chegar a San Xoán do Alto. Mirando atrás poderemos observar, ao lonxe, a cidade de Lugo.

Continuamos polo bordo da estrada, pasamos diante da Casa Grande de Carrigueiros e da fonte de Rubicás ata chegar a San Vicente do Burgo, onde podemos visitar a igrexa e a Capela de San Bartolomé.

Deixando atrás O Burgo atoparemos unha estrada a man dereita que nos indica Santa Eulalia de Bóveda. Moitos camiñantes deciden facer unha variante do camiño para visitar esta localidade e o seu templo. Dende este punto hai 2,5 Km ata Santa Eulalia.

Seguimos paralelos á estrada entre prados, hortas e árbores froiteiras ata chegar a unha pequena e fermosa corredeira que nos levará a aldea de Bacurín.

Atravesamos a aldea para chegar ao aparcadoiro do pazo e Igrexa de San Miguel, onde tomamos outra fermosa senda peonil entre as árbores.



Pasarela peonil sobre o Miño



Escudo da Casa Grande de Carrigueiros



Lugo dende O Alto



Camino cara Bacurín

Esta senda desemboca de novo na estrada LU- P-2901, que nos levará aos lugares de San Pedro de Mera e Hospital ata chegar aos límites administrativos do concello de Lugo entre Crecente e San Román.

Recomendacións

Ao igual que no tramo anterior, o Camino Primitivo está ben sinalizado. Vai, na súa maior parte, ao carón da estrada, pero existe un pequeno camiño de terra que evita o asfalto ao camiñante. Non abundan as sombras nin as fontes. Recoméndase levar bo calzado e provisións pois dende que saímos de Lugo ata Crecente non hai locais de hostalaría.



Pinturas no templo de Santa Eulalia de Bóveda

Patrimonio monumental

Ao carón da **Ponte Vella** de Lugo está o Balneario, que conserva as antigas Termas Romanas.

Na localidade de **San Vicente do Burgo**, onde houbo un antigo Hospital de peregrinos e que posúe unha interesante igrexa barroca, merece a pena desviarse un pouco do camiño e achegarse á fermosa **capela de San Bartolomé**, construída sobre unha gran rocha e rodeada por un pequeno bosque, onde o camiñante gozará dun momento de tranquilidade, sombra e descanso.

Se collemos a variante por **Santa Eulalia de Bóveda** poderemos visitar o seu misterioso templo, Monumento Nacional.



Termas romanas

En **Bacurín**, podemos visitar a Igrexa e o Pazo de San Miguel. A aldea conserva moi ben a arquitectura tradicional do rural galego.

Trátase dunha igrexa románica da segunda metade do século XII, de planta rectangular de nave única e ábsida semicircular. Porta de entrada con arquivoltas, chambrana de fino axedrezado, tímpano bilobulado e columnas con capiteis corintios con motivos vexetais. Canecillos románicos ao longo da nave. É no seu exterior onde radica a súa maior beleza, mentres que no seu interior destaca o retablo maior barroco, dos ss. XVII-XVIII.



Igrexa de San Miguel. Bacurín

Patrimonio natural

Resalta neste tramo a zona de **Bacurín** pola beleza das súas corredoiras que discorren á sombra de frondosas autóctonas.

Carballo (*Quercus robur*). Árbore galega por antonomasia, cargada de significados mitolóxicos. As súas landras son moi apreciadas como alimento para o gando e a súa madeira para a construción.



Carballo

Quizais ao camiñar baixo as súas pólas, o camiñante poda decatarse de porque algúns a consideran unha árbore máxica.

Castiñeiros (*Castanea sativa*). Os soutos son outro dos típicos bosques galegos, por desgraza cada vez menos numerosos. A castaña foi básica na alimentación ata a chegada da pataca. Resulta curioso ver exemplares



Castiñeiros

retorcidos e de gran porte completamente ocos por dentro.

En canto á fauna, o camiñante poderá observar con facilidade aquela máis ligada ao home:

Corvo pequeno (*Corvus corone*), ave abundosa, moi adaptable e intelixente, precedida dunha inxustificada mala fama, como á maioría



Corvo pequeno

dos córvidos. Gústalle andar entre o gando, alimentándose dos insectos que o rodean e cumprindo un importante papel no control das pragas agrícolas.

Miñato (*Buteo buteo*), ave rapaz de tamaño medio, moi abundosa pola súa versatilidade e gran tolerancia á presenza humana. Non é difícil descubrila axexando o



Miñato

chan dende os postes na procura do seu alimento que pode ser dende pequenos mamíferos a serpes ou insectos.

Pega rabilonga (*Pica pica*). Ave inconfundible, de plumaxe branca e negra con irisacións verdes. Moi intelixente e con mala reputación, como todos os córvidos, son das primeiras que alertan ao resto dos animais da



Pega rabilonga

nosa presenza “intrusa” cunha ruidosa voz.

Paporroibo (*Erithacus rubecula*), facilmente recoñecible polo seu peito alaranxado e o seu corpo redondo. Será moi fácil observalo mentres busca insectos ou axexádonos para ver o que facemos, posto que é un paxaro curioso e confiado.



Paporroibo



**O Camiño Primitivo
ao seu paso polo
Concello de Lugo**



Lugo



MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"



OBRAIDOIRO DE EMPREGO
CULTUR@ LVCVS



Concello de Lugo



XUNTA
DE GALICIA